XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEIP Virxe do Rocío

Rúa Rocio 70
36208 Vigo
☎ 886120862
ceip.virxe.rocio@edu.xunta.gal
http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxerocio/

galicia

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| 1º PRIMARIA INGLÉS | |
| ▪ B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos …), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula. | ▪ PLEB1.2.Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade. |
| ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital. | ▪ PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados. |
| ▪ B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais. | ▪ PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá. |
| ▪ B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | ▪ PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad…) |
| ▪ B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos. | ▪ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples. |
| 2º PRIMARIA INGLÉS | |
| ▪ B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos…), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula. | ▪ PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual. |
| ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual. | ▪ PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. |
| ▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. | ▪ PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. |

| | |
|---|---|
| ▪ B5.7. Expresar e identificar os seus gustos. | ▪ PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais. |
| ▪ B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | ▪ PLEB5.8. Expresa e identifica o que lle gusta e o que non lle gusta. |
| ▪ B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos. | ▪ PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples. |
| 3º PRIMARIA INGLÉS | |
| ▪ B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e conten co apoio visual correspondente. | ▪ PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá. |
| ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. | ▪ PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. |
| ▪ B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | ▪ PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. |
| ▪ B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión,número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico. | ▪ PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas. |
| ▪ B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | ▪ PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples. |
| ▪ B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos | ▪ PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler |

| | |
|---|---|
| comunicativos sinxelos. | textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral |
| 4º PRIMARIA INGLÉS | |
| ▪ B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe. | ▪ PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual. |
| ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. | ▪ PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. |
| ▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | ▪ PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. |
| ▪ B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente. | ▪ PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. |
| ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. | ▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. |
| ▪ B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo. | ▪ PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas… |

| | |
|---|---|
| ▪ B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | ▪ PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. |
| ▪ B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela. | ▪ PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. |
| ▪ B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade. | PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. |
| 5º PRIMARIA INGLÉS | |
| ▪ B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe. | ▪ PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. |
| ▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital. | ▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade. |
| ▪ B4.8. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | ▪ PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. |
| ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. | ▪ PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades…) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. |
| ▪ B5.6. Expresar nocións básicas relativas a accións | ▪ PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en |

| | |
|---|---|
| cotiás, de lecer… | actividades de aprendizaxe en distintos contextos. |
| ▪ B5.8. Describirse fisicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra persoa. | ▪ B5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer… |
| ▪ B5.9. Expresa e comprende indicacións e ordes. | ▪ PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións… de si mesmo/a e doutra persoa. |
| ▪ B5.12. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | ▪ PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. |
| ▪ B5.15. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias. | ▪ PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. |
| 6º PRIMARIA INGLÉS | |
| ▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. | ▪ PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). |
| ▪ B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. | ▪ PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos. |
| ▪ B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, ₤), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes. | ▪ PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, ₤). |
| ▪ B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada. | ▪ PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.). |
| ▪ B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente. | |

| | |
|---|---|
| ▪ B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información). | |
| ▪ B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses. | |

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br>• Análise da participación e rendemento do alumnado polas actividades levadas a cabo de xeito telemática, a través de distintas plataformas e de outros canles de difusión que están en funcionamento para aqueles alumnos que por diversos motivos non poden acceder aos canles telemáticos.<br>• Observación a través de fotografías, presentacións ou textos enviados por Whatsapp ou ao correo electrónico.<br>• Análise dos resultados das actividades que realizan en liña ou dos que entregan a través do e-correo.<br>• Valoración do acompañamento co que conta o alumnado á hora da realización das tarefas e dos medios dos que dispón. |

| | |
|---|---|
| | **Instrumentos:**<br><br>• Traballo sistemático e directo a través de internet.<br><br>• Actividades auto corrixibles en liña.<br><br>• Lista de cotexo do rendemento do alumnado. |
| **Cualificación final** | **Criterios de ponderación:**<br><br>Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia: "A avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado."<br>A avaliación e a cualificación se realizará, tendo en conta as aprendizaxes adquiridas nos dous primeiros trimestres do curso , así como as actividades desenvolvidas durante o terceiro trimestre. Esta avaliación será continua é a avaliación das actividades, na fase non presencial, sempre terá unha valoración positiva para a cualificación do alumnado. |

| 1ª Avaliación | 2ª Avaliación |
|---|---|
| 50% | 50% |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br>• Análise da participación e rendemento do alumnado polas actividades levadas a cabo de xeito telemática, a través de distintas plataformas e de outros canles de difusión que están en funcionamento para aqueles alumnos que por diversos motivos non poden acceder aos canles telemáticos.<br>• Observación a través de fotografías, presentacións ou textos enviados por Whatsapp ou ao correo electrónico.<br>• Análise dos resultados das actividades que realizan en liña ou dos que entregan a través do e-correo.<br>• Valoración do acompañamento co que conta o alumnado á hora da realización das tarefas e dos medios dos que dispón. |
| | **Instrumentos:**<br>• Traballo sistemático e directo a través de internet.<br>• Actividades auto corrixibles en liña.<br>• Lista de cotexo do rendemento do alumnado. |

| | |
|---|---|
| | |
| **Cualificación final** | **Criterios de ponderación:**<br><br>Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia: "A avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado."<br>A avaliación e a cualificación se realizará, tendo en conta as aprendizaxes adquiridas nos dous primeiros trimestres do curso , así como as actividades desenvolvidas durante o terceiro trimestre. Esta avaliación será continua é a avaliación das actividades, na fase non presencial, sempre terá unha valoración positiva para a cualificación do alumnado. |

| | 1ª Avaliación | 2ª Avaliación |
|---|---|---|
| | 50% | 50% |

## 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|---|---|
| **Actividades** | **ACTIVIDADES XERAIS DE CENTRO**:<br><br>Con data 12 de maio, as actividades propostas ata este momento son as que seguen:<br><br>✓ ENIGMAS DO DOUTOR BACILUS. https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/Enigmas<br>✓ CREANDO HISTORIAS CON LIBROS: https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/Creando%20historias%20cos%20libros%20de%20...<br>✓ BOOKTUBERS NA CASA https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/booktubers%20na%20casa<br>✓ TELERESÍO http://virxedorocio.blogspot.com/search/label/TELERES%C3%8DO<br>✓ MENSAXES EN TEMPO DE CONFINAMENTO #NaCasa<br>✓ REPLICAMOS PORTADAS. http://virxedorocio.blogspot.com/2020/05/replicamos-portadas.html<br>✓ EXPOSICIÓN VIRTUAL RECICLA E CREA CON LIBROS, http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/recicla-e-crea-con-libros-na-casa.html<br>✓ DÍA DO LIBRO #NaCasa, http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/23-abril-dia- |

| | |
|---|---|
| | do-libro.html<br>✓ ESCENIFICACIÓN DE CANCIÓNS, http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/dia-36-na-casa.html<br>✓ CONCURSO MASCOTA EN 3D, http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/concurso-crear-unha-mascota-en-3d.html<br>✓ CONCURSO DE MALABARES, http://virxedorocio.blogspot.com/2020/03/malabares.html<br><br>**ACTIVIDADES DE AULA**:<br><br>• Comprensión oral: cancións e vídeos a través das webs de Super Simple Songs e Lyrics Training, contos en Macmillan Story Corner videos, xogos como English for Little children .<br>• Comprensión escrita e expresión escrita a través das webs dos libros de texto (Heroes e Quest da editorial Macmillan), selección de actividades da web Liveworksheets, unidades didácticas do Espazo Abalar de distintos temas (alphabet, farm, transport, population, people, English speaking world, weather, body), webs de xogos didácticos, (testeando, gamestolearnenglish, mes-games, duolingo, duolingo stories...) |
| **Metodoloxía(alumnad** | • A metodoloxía didáctica empregada nas sesións durante o confinamento |

| | |
|---|---|
| **o con conectividade e sen conectividade)** | continuará a ser comunicativa, activa e participativa.<br>• Estará enfocada ao logro dos estándares do curso que nos ocupa e das competencias clave.<br>• As tarefas facilitarán o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística grazas á busca de actividades interactivas e lúdicas que implementen as destrezas lingüísticas e asemade a competencia dixital ; polo emprego continuado das aplicacións pertinentes necesarias para a realización das actividades propostas.<br>• As actividades propostas para este terceiro trimestre son actividades de recuperación, repaso e reforzo de aprendizaxes anteriores. |
| **Materiais e recursos** | • Comunicacións por e-correo coas familias..<br>• Selección de webs e traballo on line.<br>• Envío de materiais ás familias que non tiñan conexión a través de voluntariado. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |